

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 25 DE NOVIEMBRE DE 2016.

[*Declaración institucional 25 de novembro día contra a violencia machista](#)

[*Declaración institucional con motivo do día mundial da loita contra a sida](#)

[*Declaración institucional para reivindicar un novo Xulgado do Social no partido xudicial de Santiago de Compostela](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/16, do 28 de outubro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, da número 24801 ata a número 27900, de 2016.](#)

[3.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes:](#)

Número 25079/2016 do 26/10/2016 sobre o cesamento de persoal eventual.

Número 25080/2016 do 26/10/2016 sobre o nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

[4.-Proposición da Presidencia sobre o cambio da data do Pleno ordinario correspondente ao duodécimo mes de 2016.](#)

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[5.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a Programación Lírica da Coruña 2016 e aprobación do correspondente convenio.](#)

[6.-Concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega para financiar a Programación do ano 2016 e aprobación do correspondente convenio.](#)

[7.-Concesión de subvención nominativa á Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o VIII Campus Musical 2016 e aprobación do correspondente convenio.](#)

Comisión de Promoción Económica e Emprego

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto “ACOEUROPA 2015-2016”.](#)

[9.-Aprobación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Gallega de Jóvenes Empresarios de Galicia para financiar as actividades do proxecto “VIII Congreso Internacional de Jóvenes Empresarios”.](#)

[10.-Aprobación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial da Coruña e a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA para financiar a “Adquisición de camiós recolectores de residuos sólidos urbanos”.](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

[11.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2016, quinta fase.](#)

[12.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais 2016, cuarta fase.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[13.-Toma de coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro \(Curtis\) no marco do "Proxecto Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais. 1ª fase río Mandeo" cofinanciado por fondos FEDER, ano 2017.](#)

[14.-Toma de coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do "Centro de interpretación da contorna fluvial do río Mandeo" situado no lugar de Chelo \(Coirós\), no marco do "Proxecto Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais. 1ª fase río Mandeo" cofinanciado por fondos FEDER, ano 2017.](#)

[15.-Toma de coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño 2017.](#)

[16.-Dar conta da xestión realizada polo adxudicatario da cesión do Teatro Colón no período 2015-2016.](#)

[17.-Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña.](#)

[18.-Aprobación dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar as actividades da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[19.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) "POS+ 2017".](#)

[20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Baña para o financiamento da obra de "Obras de mellora en eficiencia enerxética e habitabilidade no C.P.I. San Vicente".](#)

[21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Bergondo para o financiamento da obra de "Reparación de humidades e melloras en edificios municipais".](#)

[22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Camariñas para o financiamento da obra de "Recuperación da Casa de Man en Camelle".](#)

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cariño para o financiamento da obra de “Aglomerado da estrada de Cariño a San Xiao”.

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da “Subministración de equipos informáticos para o edificio do concello”.

25.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de “Acondicionamento da fonte-lavadoiro e contorna no Lugar de Quenxe”.

26.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de “Acondicionamento da fonte-lavadoiro na rúa Médico Vicente Fraquela”.

27.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento da obra de “Reurbanización da rúa Río Xubia no tramo entre Manuel Belando e Cabo Prior para eliminar o tapón urbanístico”.

28.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiso para o financiamento da obra de “Camiño en Novela e outros”.

29.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da parte correspondente á achega municipal do investimento “Dotación de equipamentos no Concello de Vilasantar”.

30.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilasantar para o financiamento da obra de “Ampliación de iluminación pública (12 puntos de luz)”.

31.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo para o financiamento da obra de “Reparación e mellora de camiños rurais municipais nas parroquias de Berdoias, Cambeda, Vimianzo, Salto, Treos e Serramo”.

32.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Feás”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 co código 12.3300.0292.0 e aprobación definitiva da obra.

33.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Renovación de servizos na Rúa Álvaro Cunqueiro”, do Concello de Ribeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 1/2015 co código 15.2101.0315.0.

34.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Ampliación aparcadoiros cemiterios San Simón de Nande (Matío) e San Mamede de Sarces (As Virtudes)” do Concello de Laxe, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015 e aprobación definitiva da obra dentro do plan (código 2015.3110.0279.0).

35.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acondicionamento da contorna do campo de fútbol municipal”, do Concello de Mugardos, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 32/2015.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

36.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2016.

37.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31.10.2106 e proxección a 31.12.2106.

38.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do terceiro trimestre exercicio 2016 na Deputación provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

39.-Dar conta da resolución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas relativa ao requirimento de revisión da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado de 2014.

40.-Aprobar a modificación das especificacións do Plan de pensións “Persoal da Deputación Provincial da Coruña. Plan de pensións”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para promover o recoñecemento da publicidade da empresa Gadisa#Por un futuroAGalega e da súa promoción da nosa lingua e cultura.

ROGOS E PREGUNTAS

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

A violencia machista é un dos máis graves problemas a que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Nos últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias contra as mulleres grazas ao traballo de mobilización e concienciación dos diferentes movementos de mulleres. Porén, temos que seguir avanzando, tamén nas institucións, e non podemos caer na falsa imaxe de que porque sexa máis visible do que anos atrás ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é chave repararmos e enfrontar todo tipo de violencias, desde a máis extrema que pon en perigo a nosa saúde mental e física até outro tipo de violencias como a presión estética, a violencia obstetricia e tratos inadecuados no marco da sanidade até a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social, por teren as peores taxas de desemprego e precariedade, padeceren a desigualdade salarial e ocuparen a maioría dos traballos non asalariados. Para todas estas cuestións, as institucións poden e deben axudar a responder e a paliar as súas consecuencias.

Fica moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política. Por iso, é importante a lexislación, como a Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Con todo, despois de anos de aplicación, este marco é insuficiente, en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, cómpre avanzar e mellorar o marco legal e realizar un labor preventivo e educativo moito maior.

Ante a gravidade do problema, xulgamos fundamental a inclusión do termo “Feminicidio” como concepto estrutural que dá conta da violencia específica que sofren as mulleres só por seren mulleres. O recoñecemento desta teorización debe servir de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tamén é insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención.

Por estes motivos, a Deputación da Coruña

1. Insta ao Parlamento galego a incluír no plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e os dereitos das mulleres, por proposta dos grupos parlamentares que a integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avaliar a inclusión do termo feminicidio na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como outras posibles modificacións lexislativas.
2. Insta á Xunta de Galicia a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o

servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA LOITA CONTRA A SIDA

O 1 de decembro de 2014, Día Mundial da SIDA, alcaldes e alcaldesas de todo o mundo asinaron en París unha declaración para poñer fin á epidemia de SIDA nos seus concellos. Nesa declaración, denominada Declaración de París, os cargos municipais comprométense a adoptar unha serie de compromisos para acelerar a resposta á SIDA co obxectivo de por fin á epidemia. Entre tales compromisos está o de alcanzar os obxectivos 90-90-90 de ONUSIDA.

Nesta reunión, organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/SIDA (ONUSIDA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (ONU-Hábitat) e a Asociación Internacional de Provedores de Atención á SIDA (IAPAC), organismos que tamén asinaron a Declaración de París.

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas comunidades máis afectadas polo VIH, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública e desenvolver, construír e acelerar as estratexias urbanas en materia de VIH e usar a resposta á SIDA como catalizador para unha transformación social positiva.

Atopámonos nun momento histórico para a resposta á SIDA. Grazas aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de por fin á epidemia da SIDA a escala mundial para o ano 2030. Levamos moito combatendo a SIDA e estamos nunha boa posición para realizar accións aceleradas con miras a alcanzar os obxectivos 90-90-90 en 2020, isto é: que o 90% das persoas que viven co VIH coñeza o seu estado serolóxico; que o 90% das que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciba tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento suprima a carga viral.

Podemos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas coa SIDA, incluídas as mortes por tuberculoses. Podemos acabar co estigma e a discriminación. Todas as persoas deben ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose, que permitan salvar vidas.

Temos que aproveitar o noso alcance, a nosa infraestrutura e a nosa capacidade humana, para crear un futuro máis equitativo e sustentable para todas as persoas, sen importar o seu sexo, idade, situación económica ou social ou orientación e identidade sexual.

O pleno da deputación da Coruña súmase ao espírito da Declaración de París e comprométese a estudar posibles fórmulas de colaboración cos concellos que previamente se adhiran a esa declaración e desenvolvan programas específicos de resposta á SIDA.

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA REIVINDICAR UN NOVO XULGADO DO SOCIAL NO PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á vista da decisión de non incluír un novo xulgado do social para Santiago no marco do último reparto de novos xulgados en Galicia, e tendo en conta que as cifras e o volume de traballo nos xulgados de Santiago están a acumular un atraso na resolución dos expedientes que supera os 3 anos no xulgado do social, así como, a sobrada importancia de contar con unha xurisdición social axeitada para atender os dereitos da cidadanía, o pleno da Deputación da Coruña lamenta a mencionada decisión e insta á administración competente para que amplíe esta distribución cun novo xulgado do social na cidade de Santiago de Compostela no menor tempo posible.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 10/16, DO 28 DE OUTUBRO.

Por unanimidade, apróbase a acta da sesión anterior, número 10/16, do 28 de outubro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA
NÚMERO 24801 ATA A NÚMERO 27900, DE 2016.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 24801 a ta a número 27900, de 2016.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN S DA PRESIDENCIA SEGUIN TES:

NÚMERO 25079/2016 DO 26/10/2016 SOBRE O CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

NÚMERO 25080/2016 DO 26/10/2016 SOBRE O NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL PARA REALIZAR FUNCIÓN S SINALADAS LEGALMENTE COMO DE CONFIANZA E ASESORAMENTO.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Número 25079 do 26/10/2016, sobre cesamento de persoal eventual.

Número 25080 do 26/10/2016, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DA DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO DUODÉCIMO MES DE 2016.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2016 correspondería celebrala o día 30 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2016 celebrarase o día 23 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

5.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN LÍRICA DA CORUÑA 2016 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da deputación no seu informe do 2 de novembro de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Amigos da Ópera da Coruña por importe de **125.000 €**, para financiar a *Programación Lírica da Coruña 2016*, cun orzamento subvencionado de 555.400,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Condicionar a aprobación e eficacia do presente convenio á aprobación definitiva e á entrada en vigor do EMC 4, aprobado inicialmente polo Pleno do día 28 de outubro de 2016, no que se contén o crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto.

Así mesmo, subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña para financiar a *Programación lírica da Coruña 2016*.

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e
Dna. Natalia Lamas Vázquez, Presidenta da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- Que, no ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela. O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas as actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre

outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2016.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a **Programación lírica da Coruña 2016** que terá lugar entre os meses de agosto a decembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas.-

* *Falstaff*, de Giuseppe Verdi: 3 de setembro

* *Il Barbiere di Siviglia*, de Gioacchino Rossini: 17 de setembro

Concertos.-

* Clausura do curso de interpretación vocal de Alberto Zedda: 24 de outubro

* Gala lírica: 9 de decembro

Recitais.-

* De Verdi a Broadway: 28 de agosto

* Albelo, 10 anos na Coruña: 2 de setembro

* Ciclo "Os nosos intérpretes": 22 de setembro

* Ciclo "Lírica inclusiva": 6 de outubro

* Ciclo "As novas voces galegas": 3 de novembro

Actividades paralelas.-

* Ciclo de cinema e proxeccións:

- *Campanadas a medianoche*: 29 de agosto

- *Otelo*: 5 de setembro

- *Roméo et Juliette*: 12 de setembro

- *The Tempest*: 19 de setembro

- *Hamlet*: 26 de setembro

* Conferencias:

- Ao redor de "Falstaff": 1 de setembro

- Ao redor de "*Il Barbiere di Siviglia*": 15 de setembro

* Proxecto didáctico:

- III curso de interpretación vocal de Alberto Zedda: do 10 ao 23 de outubro

- Concerto final do curso: 24 de outubro

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer do Pazo da Ópera	48.400.-
Produción ópera "Falstaff"	342.000.-
Produción ópera " <i>Il Barbiere di Siviglia</i> "	100.000.-
Custo organización da gala lírica de Verdi a Broadway	15.000.-
Custo organización do recital "Celso Albelo, en concerto"	10.000.-
Custo organización do recital "Os nosos intérpretes"	5.000.-
Ciclo "Lírica inclusiva"	5.000.-
Organización da gala lírica de Leo Nucci	15.000.-

Organización de actividades paralelas
Total

15.000.-
555.400 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 22,506 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 22,506 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2016*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da deputación seralle aboada á asociación Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente a Programación lírica da Coruña 2016.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56^a.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos a

Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información a Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

2.- Por solicitude previa da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á REAL ACADEMIA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2016 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da deputación no seu informe do 9 de novembro de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Real Academia Galega por importe de **50.000 €**, para financiar a *Programación do ano 2016*, cun orzamento subvencionado de 62.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2016*.

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dona M^a Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados polo Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- c) Velar polos dereitos do idioma galego.
- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega (Q1568003F) para financiar a *Programación do ano 2016*, que se indica a continuación:

Actividade 1: XXIX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

Actividade 2: Edición dixital de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, número 10.

Actividade 3: Revisión e publicación de *A Sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013)*.

Actividade 4: Recital Amancio Prada.

Actividade 5: Proxecto primavera das letras.

Actividade 6: Publicacións.

Actividade 7: Gastos indirectos

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXIX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

45 bolsas de estudos (42 de 350 € e 3 de 500 €)	16.200,00.-
Desprazamentos, gastos de viaxe etc.	2.524,81.-
Actividades varias	2.364,30.-
Docencia e prácticas	9.200,00.-
Palestras	1.200,00.-
Papelería e outros	437,27.-
Secretaría, dirección e administración	2.270,58.-
Total actividade 1	34.196,96.-

Actividade 2: Edición dixital de La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, número 10.

Maquetación de textos	600,00
Alta dominio de La Tribuna	15,90
Total actividade 2	615,90

Actividade 3: Revisión e publicación de A Sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013).

Revisión e edición de textos	3.000,00
Maquetación e impresión da publicación	2.320,00
Total actividade 3	5.320,00

Actividade 4: Recital Amancio Prada

Impresión de dipticos-convite	90,06
Sistema de gravación	87,12
Reserva de hotel Amancio Prada	82,30
Reserva voos Amancio Prada	176,76
Arranxos florais recital	90,00
Gastos fotográficos	6,00
Total actividade 4	532,24

Actividade 5: Proxecto primavera das letras.

Primavera das letras	7.750,05
Total actividade 5	7.750,05

Actividade 6: Publicacións.

Antoloxías das Irmandades da Fala	3.900,00
Recompilación traballos de Elsa Gonçalves	3.100,00
Total actividade 6	7.000,00

Actividade 7: Gastos indirectos.

Gastos indirectos	7.084,85
Total actividade 7	7.084,85

Total gastos	62.500,00 €
---------------------	--------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da deputación seralle aboada á Real Academia Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación entregada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción do 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos a Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información a Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2017, autorice o correspondente orzamento.

2.- Por solicitude previa da Real Academia Galega, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos mesmos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA FINANCIAR O VIII CAMPUS MUSICAL 2016 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da deputación no seu informe do 9 de novembro de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Federación Galega de Bandas de Música Populares, por importe de **20.000 €**, para financiar o *VIII Campus Musical 2016*, cun orzamento subvencionado de 25.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o “VIII Campus musical 2016”

Na Coruña o

REUNIDOS

Dona Goretta Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Armando Morales Blanco, Presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 91 asociacións que supón 6.647 músicos.

2.- Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.

3.- Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organiza para este ano o Campus Musical entre os meses de agosto e setembro, no Auditorio de Rianxo.

4.- Logo de ver os resultados do Campus Musical que se ven celebrando nos últimos anos coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para financiar o **“VIII Campus musical 2016”**, cos seguintes obxectivos:

* Mellorar a formación das persoas vinculadas coas bandas de música a través de cursos de formación das diferentes especialidades instrumentais e de formación das directivas.

* Promover actividades de intercambio e desenvolvemento común de experiencias vinculadas coa música.

* Achegar a cultura da música de bandas á sociedade, dando a coñecer tanto os valores máis destacados, como as novas figuras.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer de material instrumental	2.650,00.-
Contratación externa de servizos: profesorado, relatores, organización	19.749,99.-
Material de imprenta e difusión	400,00.-
Material non inventariable	150,00.-
Gastos xerais da entidade	2.050,01.-
Total	25.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da deputación seralle aboada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita pola persoa representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2016.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá á Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción do 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos a Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información a Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

2.- Por solicitude previa da Federación Galega de Bandas de Música Populares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, cos informes preceptivos previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACOEUROPA 2015-2016”.

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co **CONCELLO DA CORUÑA**, CIF P-1503000J, para regular a achega de **15.000 €** que figura na base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2016 para cofinanciar o **PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA IV”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2015**, cun orzamento subvencionado de 291.725,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 5,1418 %.
3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220160000396, do 25.01.2016 (referencia 22016000488), da partida 0520/13269/46201, do vixente orzamento xeral para 2016.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:
“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE BOLSAS EUROPA FP-PROXECTO “ACOREUROPA IV”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “ERASMUS+ 2015”

Na Coruña, o de do dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra, Dña. Silvia Cameán Calvete, Concelleira Delegada de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña, CIF P1503000J.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Programa Erasmus+ foi creado pola Unión Europea para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. Un dos seus obxectivos esenciais é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar a xuventude traballadora fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Erasmus+ ofrécelle ao estudiantado recentemente titulado universitario a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as

oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecerlles aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

Na convocatoria realizada no 2015 polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación – SEPIE, no marco do “Erasmus+ 2014-2020”, o Concello da Coruña participou presentando o programa de Bolsas Europa FP-Proxecto “ACOREEUROPA IV”, no que a Deputación da Coruña manifestou a súa vontade de participar como entidade socia, colaborando no seu financiamento, para o caso de que fora aprobado. O citado proxecto foi finalmente aprobado polo SEPIE, polo que procede agora a subscripción do correspondente convenio administrativo co Concello da Coruña no que se formalice a participación da Deputación da Coruña.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña, como entidade socia, na execución do programa de Bolsas Europa FP-Proxecto “**ACOREEUROPA IV**”, promovido polo Concello da Coruña no marco do Programa Erasmus+ 2014-2020.

O proxecto prevé a concesión de 50 bolsas, de ata 3 meses de duración, para realizar nos anos 2016 e 2017, nos seguintes países: Austria, Italia, Reino Unido, Irlanda, Portugal e Polonia, dirixidas aos alumnos titulados nos diferentes ciclos formativos de formación profesional que se imparten nos institutos de ensino secundario e centros integrados de formación profesional públicos do Concello da Coruña socios do proxecto.

As bolsas inclúen un período de preparación/formación lingüística, cultural e profesional de 60 horas, durante o mes anterior ás saídas aos países de destino.

O convenio de subvención foi asinado polo SEPIE o 8.09.2015, e o prazo de execución do proxecto remata o 31 de maio de 2017.

A Deputación participará na súa execución mediante:

- Asesoramento técnico nas distintas etapas do proxecto
- Apoio nas estratexias de difusión
- Asistencia na definición do calendario de traballo
- Apoio no contacto cos organismos intermediarios do proxecto
- Asistencia na elaboración e entrega da documentación aos participantes
- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 15.000,00 €.

II. ORZAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a 291.725,00 €, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	SEPIE	DEPUTACIÓN	CONC.A CORUÑA	
Xestión do proxecto	17.500,00	0,00	17.500,00	35.000,00
Preparación lingüística e cultural dos participantes	2.250,00	0,00	0,00	2.250,00
Estancias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e	232.125,00	15.000,00	4.850,00	251.975,00

viaxe				
Seguros e difusión	0,00	0,00	2.500,00	2.500,00
TOTAL (€)	251.875,00	15.000,00	24.850,00	291.725,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, que equivalen ao 5,1418 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 5,1418 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo á subvención do SEPIE e aos recursos propios do Concello da Coruña, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/3269/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Unha vez asinado o convenio aboarase un primeiro prazo, por importe do 50 % do importe da achega provincial, despois da presentación por parte do Concello da

Coruña dunha copia compulsada da primeira resolución de adxudicación das bolsas aos participantes.

2. O 50 % restante da achega aboarase despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Informe final do proxecto, presentado perante o SEPIE, subscrito polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, de acordo co modelo normalizado establecido polo citado servizo, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Copia compulsada da segunda e posteriores resolucións de adxudicación das bolsas aos participantes, se as houbera.

 Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

 Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

 Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación provincial (este último extremo farase de oficio).

4. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o 01.06.2015 e o 31.05.2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste

prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, o Concello da Coruña deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida ou autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dicoruna.es”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. Considerando que o proxecto “ACOREUROPA IV” se realiza entre o 1 de xuño de 2015 e o 31 de maio de 2017, o convenio terá efectos retroactivos dende o 01.06.2015, e estenderá a súa vixencia ate o 31.10.2017.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter realizados os investimentos e presentada a xustificación antes do día 31.08.2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2017. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes previos da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do día de do 2016.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A CONCELLEIRA DE XUSTIZA SOCIAL E
CUIDADOS DO CONCELLO DA CORUÑA

Valentín González Formoso

Silvia Cameán Calvete”

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALLEGA DE XÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO PROXECTO “VIII CONGRESO INTERNACIONAL DE XÓVENES EMPRESARIOS”.

1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS DE GALICIA, CIF G27390566, para financiar o proxecto “VIII Congreso Internacional de Jóvenes Empresarios”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 25.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016.

6º Facultar o Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS
Na Coruña o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, como Presidente da Excmá. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Marcos Balboa Beltrán, con DNI núm. 07969125Q, en representación da FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS

1. Que a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS consideran de gran interese para a provincia a celebración dun Congreso de Xoves Empresarios dirixido ás Peme, autónomos e emprendedores para melloras a competitividade das Peme e fomentar o espírito emprendedor na sociedade de forma sostible. A celebración do congreso na cidade da Coruña axuda á promoción da cidade da Coruña entre os xoves empresarios galegos e nacionais poñendo en valor

a cidade como un lugar idóneo para o desenvolvemento de novos proxectos ou investimentos .

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS CIF G27390566, para o financiamento do proxecto “VIII Congreso Internacional de Xoves Empresarios”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR

FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO DE GASTOS		IMPORTE
GASTOS EN SERVICIOS:		29.050,00 €
• Comunicación, promoción e merchandising do congreso	9.550,00 €	
• Relatores, moderadores e presentadores congreso	19.500,00 €	
OUTROS GASTOS:		2.200,00 €
• Sede do Congreso e adecuación Necesidades técnicas	1.700,00 €	
• Outros gastos non inventariables para o bo fin do proxecto: azafatas etc.	500,00 €	
TOTAL		31.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 € o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de

pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro do ano 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de: UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que

se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de abril de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de

crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións nomeadas polo presidente da deputación e o da FEDERACION GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, respectivamente.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da entidade
FEDERACIÓN GALEGA DE
XOVES EMPRESARIOS

Valentín González Formoso

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA PARA FINANCIAR A “ADQUISICIÓN DE CAMIÓN RECOLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”.

Retírase da orde do día.

11.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, QUINTA FASE.

1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2016, quinta fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLOS	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1100.0040.0	Mellora capa de rodadura con mestura bituminosa na DP 1912 Coristanco a Rus, PK 0,000 ao 5,850 (Coristanco e Carballo)	Coristanco e Carballo	339.832,70
16.1100.0041.0	Microaglomerado en frío na DP 4401 da estrada Ortigueira-As Pontes ao Barqueiro, PK 0,000 ao 14,360 (Mañón)	Mañón	319.846,52
TOTAL			659.679,22

O financiamento destes proxectos realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

12.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS 2016, CUARTA FASE.

1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2016, cuarta fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
16.1110.0009.0	Mellora da capa de rodadura na DP 5903 Ordes a Portomouro, PK 11,700 ao 15,000 (Trazo)	Trazo	254.733,81
TOTAL			254.733,81

O financiamento deste proxecto realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2016.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

13.-TOMA DE COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CUNCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER, ANO 2017.

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis para instrumentalizar a xestión do Centro Etnográfico de Curtis, situado en Teixeiro (Curtis) no marco do “Proxecto Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais. 1ª fase río Mandeo” cofinanciado por fondos FEDER, ano 2017.

14.-TOMA DE COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONTORNA FLUVIAL DO RÍO MANDEO” SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CUNCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER, ANO 2017.

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do “Centro de interpretación da contorna fluvial do río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do “Proxecto Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais. 1ª fase río Mandeo” cofinanciado por fondos FEDER, ano 2017.

15.-TOMA DE COÑECEMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO 2017.

O Pleno toma coñecemento da tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño 2017.

16.-DAR CONTA DA XESTIÓN REALIZADA POLO ADXUDICATARIO DA CESIÓN DO TEATRO COLÓN NO PERÍODO 2015-2016.

Tómase coñecemento da xestión realizada pola entidade adxudicataria da cesión do Teatro Colón no período xuño 2015-maio 2016 (cuarta anualidade) e de que foi estudada pola comisión de seguimento do Teatro Colón na reunión celebrada o 7 de novembro de 2016.

**17.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Retírase este punto da orde do día.

18.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DA AULA DA NATUREZA NO MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA.

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DA AULA DA NATUREZA- MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA cunha achega provincial de 46.554,84 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3336/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80 % con respecto a un orzamento de 58.193,55 euros.

3º.- Condicionar a formalización e eficacia do presente convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 4/2016.

4º.- Condicionar o compromiso de gasto para as anualidades futuras á efectiva aprobación do orzamento para o devandito ano e a que exista neste dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR AS “ACTIVIDADES QUE SE HAN REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DA NATUREZA NO MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA”.

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte D. Xesús Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

E doutra parte, don Mariano Iglesias Castro, en representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das “Actividades que se han realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	46.554,84 €
Peón de xardinería	17.860,56 €
Peón de xardinería	17.860,56 €
Monitor de tempo libre	10.833,72 €
GASTOS CORRENTES	11.638,71 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.000,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.000,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.000,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	800,00 €
Electricidade e teléfono	2.000,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Fertilizantes, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	500,00 €
Alimentación e repoboación da fauna existente	1.000,00 €

Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.000,00 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.000,00 €
TOTAL	58.193,55 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 46.554,84 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3336/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá

remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57^a das de execución do Orzamento para o ano 2016, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
 - 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 28 de novembro de 2016 ata o 27 de novembro de 2017 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura, serán subvencionables todos os gastos devengados dende o 28 de novembro de 2016 e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2017, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios presupostarios correspondentes.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de decembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarse a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DEPUTADO DE CONTRATACION,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Xesús Soto Vivero

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE MESIA

Mariano Iglesias Castro

19.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2017”.

1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4599/76201, 0430/4592/46201, 0430/4592/76201 e 0430/9434/82120, tanto no orzamento inicial do exercicio 2017 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación poida aprobar ao longo do ano 2017 ou 2018 para o financiamento do POS+ 2017; así como ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de acordo coa normativa vixente no momento.

BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS+ 2017 ”

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2017 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do establecido no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais:

- Cunha “**achega provincial 2017**” por importe de 32.500.000,00 €, que podería incrementarse se esta deputación así o acorda, e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2017 ou

2018, vaise consignar a cantidade de 32.500.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2017 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2016**” por importe de 20.000.000,00 € que se consignou no orzamento provincial 2016 na partida 0430/4599/76201, a través do expediente de modificación de créditos 4/2016.

- Cunha achega provincial denominada “**préstamo provincial 2017**” por importe de 21.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2017 na partida 0430/9434/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro, prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Con isto, o importe total das achegas e dos préstamos provinciais destinados ao financiamento do **POS+ 2017 ascende a 74.000.000,00 €**, desagregado como deseguido se indica:

Achega provincial 2017	32.500.000,00 €
Achega provincial 2016	20.000.000,00 €
Préstamo provincial 2017	21.500.000,00 €
TOTAL	74.000.000,00 €

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2017, o POS+ 2017 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobar a deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2017 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación poida aprobar ao longo dos anos 2017 ou 2018 para o financiamento do POS+ 2017. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos a Deputación

aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2017 introduce importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2017, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo a superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que ata agora daban lugar a novos Plans.

- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que ata agora estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprímense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación que se suprimen no exercicio 2017 son as que deseguido se indican, polo que é importante salientar que para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que ata agora financiaba a deputación con subvencións finalistas.

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento servizos sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- **Dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos teñan cos seus provedores**, cando o período de pago das súas facturas exceda en máis de tres meses o período de pago establecido no Real decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas (BOE núm. 184, do 30 de xullo de 2014), o **que repercutirá positivamente no tecido empresarial**, que deste xeito poderá cobrar as facturas pendentes de pago co concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras**, mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun prazo de carencia de 2 anos.

OBXECTO

Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- PAGO A PROVEDORES

En primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2016” e “achega provincial 2017” (non “préstamo provincial 2017”) ao pago das súas débedas con provedores cando o período de pago das súas facturas de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído) exceda en máis de tres meses o período de pago establecido no citado Real decreto 635/2014, que se recollan no informe que emita a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello cos datos da última relación de facturas pendentes de pago elaborada, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, segundo se detalla na Base 5.B.1.

No caso de que o concello teña débedas con provedores, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar, a “achega provincial 2016”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2017”, coa única excepción que se indica no último parágrafo da Base 2.1.

A cantidade restante poderá destinala cada concello a calquera dos seguintes catro obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega provincial:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar “achega provincial 2017” ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2017, sen límite ningún.

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar “achega provincial 2017” , “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2017” ao financiamento dos honorarios de redacción de proxectos.

- ACHEGAS MUNICIPAIS PARA INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NOUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS

O concello poderá destinar “achega provincial 2017” e “achega provincial 2016” ao financiamento das achegas municipais para investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios desta deputación ou doutras administracións públicas.

- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Por outra parte, no que se refire ao posible destino do “préstamo provincial 2017”, o concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras, como mínimo o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2017, a porcentaxe do seu “*nivel de endebedamento*” segundo se define na Base 2.6, e o préstamo provincial restante só poderá destinalo ben a reducir máis débeda municipal ou ben á realización de investimentos.

En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste plan son os que a continuación se detallan, debido a que, por unha banda, a “achega provincial 2016” procede do superávit orzamentario da deputación, polo que o seu destino debe cumprir os requisitos fixados para os investimentos financeiramente sostibles na disposición adicional décimo sexta da Lei reguladora das facendas locais; e por outra banda, o “préstamo provincial 2017” destinarase prioritariamente á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

POS+ 2017 TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO		
ACHEGA PROVINCIAL 2017 (32.500.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL 2016 -superávit- (20.000.000,00 €)	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017 (21.500.000,00 €)
Pago a provedores	Pago a provedores	
Gastos correntes		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles	Obras ou subministracións
Honorarios de redacción de		

proxectos		
Achegas municipais para investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios	Achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles incluídos noutros plans, programas ou convenios	
		Redución da débeda do concello con entidades financeiras

2. 1 Financiamento de pago a provedores

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello deberá emitir un informe coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), cando o período de pago exceda en máis de tres meses o período de pago establecido no Real decreto 635/2014, cos datos da última relación de facturas pendentes de pago elaborada, separando as facturas que se imputan ao capítulo II e as que se imputan ao capítulo VI, no que se indiquen, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído).

No caso de facturas que teñan financiamento doutras administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste plan á parte que financia o concello.

A achega provincial asignada neste plan en concepto de “achega provincial 2016” e “achega provincial 2017” (non “préstamo provincial 2017”) deberá necesariamente destinarse en primeiro lugar ao pagamento das ditas débedas, aplicando en primeiro lugar a achega provincial procedente do ano 2016 e posteriormente a de 2017, tendo en conta que deberá seguirse para o seu pagamento a orde da súa entrada no rexistro do concello.

Excepcionalmente, cando o importe destas débedas do concello con provedores sexa moi elevado, e coa finalidade de que o concello poida dar resposta a situacións especiais e singulares, o concello poderá solicitar de forma debidamente xustificada, a aplicación de ata o 25% da suma de “achega provincial 2016” e “achega provincial 2017” (non “préstamo provincial 2017”) para o financiamento de investimentos necesarios, urxentes e inaprazables, sempre que teñan a condición de financeiramente sostibles, debendo acreditarse todas estas circunstancias excepcionais e singulares na memoria do plan asinada pola Alcaldía segundo o modelo anexo II.

2. 2 Financiamento de gastos correntes

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a “achega provincial 2017” ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2017, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2017, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2017 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

2. 3 Financiamento de obras ou subministracións

Neste plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos citados artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todas as obras e subministracións incluídas neste plan, tanto do Plan base como do Plan complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído).

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no plan.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do plan e así se motivará na correspondente memoria.

Investimentos financeiramente sostibles

(“Achea provincial 2016”, “Investimentos excepcionais previstos no último parágrafo da Base 2.1” e “Plan complementario”)

Ademais, para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo á “achea provincial 2016”, “investimentos excepcionais previstos no último parágrafo da Base 2.1” e “Plan complementario”, debe terse en conta que deben ser “investimentos financeiramente sostibles” e cumprir os requisitos fixados na citada disposición adicional décimo sexta da Lei reguladora das facendas locais.

A dita disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos “financeiramente sostibles” que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste plan con cargo aos tres conceptos antes indicados, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

- 160.** Rede de sumidoiros
- 161.** Abastecemento domiciliario de auga potable
- 162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165.** Alumeado público
- 172.** Protección e mellora do medio natural
- 412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422.** Industria
- 425.** Enerxía
- 431.** Comercio
- 432.** Información e promoción turística

- 441.** Transporte de viaxeiros
- 442.** Infraestruturas do transporte
- 452.** Recursos hidráulicos
- 463.** Investigación científica, técnica e aplicada
- 491.** Sociedade da información
- 492.** Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría xeral de coordinación autonómica e local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- 133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 153.** Vías públicas
- 171.** Parques e xardíns
- 336.** Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico
- 453.** Estradas
- 454.** Camiños veciñais
- 933.** Xestión do patrimonio (segundo a nota informativa do 13 de abril de 2015 da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, só aplicable aos gastos de rehabilitación e conservación de infraestruturas, non ás novas, incluíndo as instalacións de carácter educativo, deportivo, cultural e social)

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, útiles e vehículos, salvo os destinados á prestación do servizo público de transporte.

2. 4 Financiamento de honorarios de redacción de proxectos

O concello poderá destinar a “achega provincial 2017” ao financiamento de honorarios (IVE incluído) de redacción de proxectos de calquera investimento do concello, cando a dita redacción sexa obxecto de contratación externa, sempre que o contrato de redacción estea adxudicado e formalizado no correspondente documento antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. 5 Financiamento de achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios

O concello poderá destinar a achega provincial 2017 e 2016 ao financiamento da achega municipal para investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da deputación ou doutras Administracións públicas para a realización de obras ou subministracións de competencia do concello.

No caso de achegas municipais financiadas con cargo á “achega provincial 2016”, o obxecto debe ser un “investimento financeiramente sostible”, segundo se define no apartado correspondente da Base 2.3.

2. 6 Redución da débeda do concello con entidades financeiras

O concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras, como mínimo, un importe resultante de aplicar ao “préstamo provincial 2017” asignado a través deste plan, a porcentaxe do seu “*nivel de endebedamento*”, calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O “préstamo provincial 2017” restante, só poderá destinalo, ben a reducir máis débeda municipal con entidades financeiras, ou ben á realización de investimentos, sexan obras ou subministracións.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste plan participarán esta deputación e, no seu caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na base 1, o plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas provinciais:

- Cunha “achega provincial 2017” por importe de 32.500.000,00 €, que podería incrementarse se esta deputación así o acorda, e ademais coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos seus investimentos.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2017 ou 2018, vaise consignar a cantidade de 32.500.000,00 € para o financiamento do plan.

- Cunha “achega provincial 2016” por importe de 20.000.000,00 € que se consignou no orzamento provincial 2016 na partida 0430/4599/76201, a través do expediente de modificación de créditos 4/2016.

- Cunha achega provincial denominada “préstamo provincial 2017” por importe de 21.500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2017 na partida 0430/9434/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro, prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Con isto, o importe total das achegas e dos préstamos provinciais destinados ao financiamento do **POS+ 2017 ascende a 74.000.000,00 €**, desagregado como deseguido se indica:

Achega provincial 2017	32.500.000,00 €
Achega provincial 2016	20.000.000,00 €
Préstamo provincial 2017	21.500.000,00 €
TOTAL	74.000.000,00 €

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2017 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte co criterio de prioridade previsto na base 6.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 74.000.000,00 €, das variábeis ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

- 10% cota fixa
- 5% esforzo fiscal
- 15% número de parroquias
- 35% poboación (rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35% superficie

No caso do concello fusionado de Oza-Cesuras aplicaráselle dúas cotas fixas para realizar o dito reparto, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

A cada concello comunicáraselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2017, (“achega provincial 2017”, “achega provincial 2016”, e “préstamo provincial 2017”), quen poderá destinala aos distintos obxectos do plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na base 2, especialmente na táboa denominada “POS+ 2017: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo”.

4.2.- Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberase indicar individualmente a parte que se financia con cargo á deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, mantendo no posible a achega da deputación.

4.3.- Plan complementario

A deputación aprobará o Plan base da anualidade 2017 xunto cun Plan complementario que se xestionará como se indica nesta base. O Plan complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes de distintas situacións:

- Cada concello beneficiarase dos remanentes que se poidan orixinar polas baixas de licitación dos seus investimentos, ou pola súa anulación, para o financiamento dos investimentos financeiramente sostíbles solicitados a través do Plan complementario. Despois de rematado o prazo de contratación previsto na base 7, esta deputación aprobará un Plan adicional para reinvestir tales remanentes.

- No caso de que a deputación aprobe incrementos de achega provincial a este plan, realizarase unha distribución do seu importe entre todos os concellos aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na Base 4.1. Con cargo a esta nova cantidade asignada, os concellos poderán financiar, en primeiro lugar, as débedas con provedores pendentes de pago, e en segundo lugar, os investimentos financeiramente sostíbles solicitados inicialmente no Plan complementario ou outros novos que solicite cada concello posteriormente. Todo isto realizarase segundo as instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos e a súa aprobación farase a través doutro Plan adicional.

Por iso, como novidade deste POS+ 2017, é obrigatorio para os concellos solicitar “investimentos financeiramente sostíbles” dentro do Plan complementario, por un importe mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste plan. No obstante, aqueles concellos cuxas débedas con provedores sexan moi elevadas, poderán indicar que non presentan investimentos no Plan complementario porque no caso de incremento de achega provincial, destinaríana ao pago das súas débedas con provedores pendentes de pago.

Só poderán incluírse neste Plan complementario “investimentos financeiramente sostíbles”, segundo se definen no apartado correspondente da Base 2.3.

Esta deputación aprobará, xunto co Plan base, o Plan complementario, integrado por investimentos financeiramente sostíbles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente, ben das baixas ou anulacións producidas en cada concello, ou ben procedente dos incrementos da achega provincial que, no seu caso, se aproben posteriormente.

No momento de iniciar a elaboración dos Plans adicionais, no marco do Plan complementario, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten documentación actualizada da súa situación en relación co pago a provedores segundo o modelo anexo III, así como outros documentos necesarios para a elaboración dos Plans adicionais, tendo en conta os investimentos xa aprobados polo concello como Plan complementario no acordo inicial de solicitude.

Por iso, o Plan complementario é ampliable no sentido de que se esta deputación acorda realizar maiores achegas ao POS+ 2017, os concellos poderán solicitar máis

investimentos de acordo coas instrucións que no seu momento lles envíe esta deputación.

Se o concello inclúe varios investimentos no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no dito plan.

5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña. www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o **12 de decembro de 2016 e rematará ás 14.00 horas do 24 de febreiro de 2017.**

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación:

5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha memoria xustificativa da súa solicitude.

– Certificación do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como anexo I a estas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste plan para a realización dos posibles obxectos previstos na base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e o seu financiamento desagregado, no seu caso, así como o resto do contido previsto no anexo I.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no plan se voluntariamente existe achega do concello.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local.
- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.
- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.
- Só no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, xustificación da necesidade de investimentos financeiramente sostibles, de ata o 25% da suma da achega provincial 2017 e 2016 asignada,
- Outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS

5.B.1.- Pago a provedores

- Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores do concello (ANEXO III)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello deberá emitir un informe, segundo o modelo que figura como anexo III a estas bases, coa relación de facturas con provedores de importe igual ou superior a 100,00 € (IVE incluído), cando o período de pago exceda en máis de tres meses o período de pago establecido no Real decreto 635/2014, cos datos da última relación de facturas pendentes de pago elaborada, separando as facturas que se imputan ao capítulo II e as que se imputan ao capítulo VI, no que se indiquen, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor e o importe da débeda (IVE incluído), relacionándose segundo a orde da súa entrada no rexistro do concello.

No caso de facturas que teñan financiamento doutras Administracións públicas, deberá desagregarse o seu financiamento e só poderá aplicarse a achega provincial asignada neste plan á parte que financia o concello.

No caso de que non houbese provedores cuxo período de pago exceda de tres meses, deberá igualmente emitirse un informe no que se faga constar expresamente esta circunstancia.

5.B.2.- Gasto corrente

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2017 (ANEXO IV)

No suposto de que o concello opte por destinar “achega provincial 2017” ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2017, a

Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como anexo IV, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2017 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.2.

No dito anexo deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

No dito anexo o concello debe indicar unicamente os datos dos servizos aos que desexa aplicar o financiamento con cargo ao plan, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos.

5.B.3.- Obras e subministracións

5.B.3.1.-- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan base como do Plan complementario, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE núm. 276 do 16 de novembro de 2011).

Obras

No caso das **obras**, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, que en síntese son os seguintes:

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de toda orde que deban terse en conta.
- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que correspondan ao contratista, e a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto, sen prexuízo de que se solicite o seu financiamento de forma independente tal como se indica na Base 2.4.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación “Marca CE”.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.

i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

j) Non se farán referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso os relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc). Unicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo cos apartados 3 e 4 do artigo 117.8 do citado Real decreto legislativo e deberá engadirse a mención «ou equivalente».

k) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

Subministracións

No caso de **subministracións**, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descriptiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, que no caso de incluír varias subministracións, deberán ter carácter homoxéneo, os antecedentes, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no apartado j) dos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais, sen prexuízo de que se solicite o financiamento de honorarios de redacción segundo indica a Base 2.4.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación “Marca CE”.

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento entenderase incluído o prezo do transporte.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración

5.B.3.2.- Informe técnico (ANEXO V)

Informe técnico individual para cada investimento, segundo o modelo anexo V, co seguinte contido:

Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. En todo caso, cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por

persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 da citada norma.

Fases

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86.3 do citado Real decreto legislativo 3/2011.

Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

5.B.3.3.-Informe técnico-xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento, e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos.

5.B.3.4.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (ANEXOS VII e VIII)

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

- Memoria económica específica da Alcaldía (anexo VII)

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (anexo VIII)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo anexo VIII, sobre os seguintes puntos:

-Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía

- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no anexo VIII, indicando as partidas orzamentarias de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da Base 2.3.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado “financeiramente sostible”.

5.B.4.- Honorarios de redacción de proxectos (ANEXO IX)

Informe emitido pola Secretaría do concello no que se indiquen os datos dos contratos adxudicados para a redacción de proxectos, coa súa denominación, data de adxudicación dos contratos de redacción e importe dos honorarios de redacción para os que se solicita financiamento con cargo a “achega provincial 2017” deste plan, de acordo co modelo que figura como anexo IX.

5.B.5.- Achegas municipais para investimentos doutros plans e programas (ANEXO X)

Informe expedido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo anexo X, cunha táboa co detalle dos datos dos investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios para os que se solicita o financiamento da achega do concello, segundo o previsto na Base 2.5, táboa na que se concreten a súa denominación, o seu orzamento de contrata desagregado entre os distintos axentes cofinanciadores, e no seu caso, os datos da súa adxudicación.

5.B.6.- Redución de endebedamento do concello con entidades financeiras

5.B.6.1.- Informe sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO XI)

Coa finalidade de concretar o “nivel de endebedamento” do concello, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello deberá emitir un informe, segundo o modelo Anexo XI, cos datos do volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo con entidades financeiras a 1 de xaneiro de 2017, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do citado Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

5.B.6.2.- Datos da débeda a reducir (ANEXO XII)

No suposto de que o concello teña débedas con entidades financeiras, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello deberá emitir un informe, segundo o modelo anexo XII, cos datos da débeda ou débedas concretas ás que se vai aplicar o “préstamo provincial 2017” para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluírá un Plan base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan complementario, segundo se describe na Base 4.3.

O plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación. O plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva dos Plans adicionais que máis adiante se aproben, no marco do Plan complementario descrito na Base 4.3, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos ou, no seu caso, cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, realizarase mediante Resolución da Presidencia ou acordo plenario, segundo corresponda, coa finalidade de declarar cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado cada Plan Adicional no que se incluírán as solicitudes dos concellos que contén con financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após os informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión do

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de	O alcalde-presidente do Concello
Cooperación cos Concellos	de Vimianzo

Xosé Regueira Varela

Manuel Antelo Pazos

32.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS EN FEÁS”, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011 CO CÓDIGO 12.3300.0292.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de abril de 2012, publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 82, do 2 de maio de 2012, en relación coa Resolución da Presidencia desta Corporación provincial nº 8634, do 24 de maio de 2012, polo que se aprobou a anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 27 de abril de 2012 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a seguinte obra do Concello de Cariño:

Condicións da obra do Concello de Cariño “Depuradora de augas residuais en Feás”, incluída no PCC 2012 co código 12.3300.0292.0
• Acreditación da obtención da autorización autonómica protección espazos naturais • Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia • Acreditación da obtención da autorización da S. X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo • Acreditación da obtención da autorización D.X. de Sustentabilidade e Paisaxe da Xunta • Acreditación da obtención da autorización da D.X. de Conservación da Natureza • Acreditación da obtención da autorización D. X. Desenvolvemento Pesqueiro (S.X. do Mar)

Logo de presentar o Concello de Cariño as autorizacións e informes sectoriais aos que estaba sometida a aprobación definitiva desta obra así como un proxecto modificado, con idéntico orzamento base de licitación sen IVE que o proxecto inicialmente aprobado, no que se dá cumprimento aos condicionantes impostos polos distintos organismos sectoriais nos ditos informes e autorizacións.

Tendo en conta que a obra aínda está sen adxudicar e que o proxecto modificado foi informado favorablemente polo técnico municipal e polo interventor do concello.

Logo de ver as Bases reguladoras do PCC 2008/2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP número 128 do 5 de xuño de 2008 e posteriormente modificadas mediante novo acordo plenario do 25 de xuño de 2010 (BOP número 121 do 29 de xuño de 2010).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Feás”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, co código 12.3300.0292.0, que aínda está sen adxudicar, no que se dá cumprimento aos condicionantes esixidos para a súa execución polos organismos sectoriais correspondentes e que implican un cambio de trazado respecto do proxecto inicialmente aprobado, mantendo o proxecto modificado idéntico orzamento base de licitación sen IVE que o proxecto inicial (132.647,50 €) e un orzamento de execución por contrata de 160.503,48 €, sendo o do proxecto inicial de 156.524,06 €, debéndose esta diferenza unicamente ao incremento do IVE do 18% ao 21% pero que non afecta ao financiamento provincial desta obra xa que este

incremento do IVE é financiado integramente polo Concello de Cariño tal e como se recolle na seguinte táboa:

Concello	Código da obra	Denominación	Financiamento proxecto inicial (18% de IVE)			Financiamento proxecto modificado (21% de IVE)		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Cariño	12.3300.0292.0	Depuradora augas residuais en Feás	144.317,88	12.206,18	156.524,06	144.317,88	16.185,60	160.503,48

A achega provincial ao proxecto modificado desta obra financiarase con cargo á partida 0430/4591/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta deputación do 27 de abril de 2012, e aprobala definitivamente, toda vez que o Concello de Cariño presentou un proxecto modificado para dar cumprimento aos condicionantes requiridos nas ditas autorizacións e informes sectoriais.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Cariño para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no PCC 2012”.

33.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “RENOVACIÓN DE SERVICIOS NA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO”, DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2015 CO CÓDIGO 15.2101.0315.0.

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Deputación provincial nº 29154, do 28 de decembro de 2015, pola que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2015, no que se incluíu a obra que máis adiante se indica, en relación co acordo do Pleno desta deputación do 27 de febreiro de 2015, que aprobou o POS 2015.

Logo de aprobar o Concello de Ribeira un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, previos os correspondentes informes favorables.

Tendo en conta que a obra non está adxudicada.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Renovación de servizos da Rúa Álvaro Cunqueiro”, do Concello de Ribeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 1/2015 co código 15.2101.0315.0, cos datos que a continuación se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total e que a obra non está adxudicada, si implica unha alteración do trazado con respecto ao previsto no proxecto inicial.

			FINANCIAMENTO		
Concello	Código	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Ribeira	15.2101.0315.0	Renovación de servizos da Rúa Álvaro Cunqueiro	130.406,54	33.982,23	164.388,77

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

34.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “AMPLIACIÓN APARCADOIROS CEMITERIOS SAN SIMÓN DE NANDE (MATÍO) E SAN MAMEDE DE SARCES (AS VIRTUDES)” DO CONCELLO DE LAXE, INCLUÍDA NA 4ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENTRO DO PLAN (CÓDIGO 2015.3110.0279.0).

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do concello de Laxe que se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO PARTIDA	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	CONDICIÓNS
LAXE	2015.3110.0279.0 0430 133 76201	Ampliación aparcadoiros cemiterios San Simón de Nande (Matío) e San Mamede de Sarces (As Virtudes)	68.418,62	0,00	-Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas -Autorización de Augas de Galicia

Logo de presentar o Concello de Laxe as autorización obtidas da Axencia Galega de Infraestruturas e de Augas de Galicia, a cuxa obtención está condicionada á aprobación definitiva desta obra, nas que se conteñen condicionantes e requirimentos que fan necesario modificar o proxecto da obra.

Logo de presentar o Concello de Laxe un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, co obxecto de incluír os condicionantes e requirimentos das ditas autorizacións sectoriais.

En virtude das atribucións que me confire a normativa vixente:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Laxe denominada “Ampliación aparcadoiros cemiterios San Simón de Nande (Matío) e San Mamede de Sarces (As Virtudes)”, incluída co código 2015.3110.0279.0 na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 68.418,62 euros, que non representa unha modificación do seu orzamento, nin varía o seu obxecto e finalidade, aínda que supón a introdución de cambios internos nalgúns partidas para recoller as esixencias técnicas dos organismos sectoriais a cuxas autorizacións quedou condicionada a aprobación definitiva desta obra.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida a aprobación desta obra no citado acordo plenario de aprobación do plan, e polo tanto considerar definitivamente aprobada esta obra.

CONCELLO	CÓDIGO PARTIDA	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
LAXE	2015.3110.0279.0 0430 133 76201	Ampliación aparcadoiros cemiterios San Simón de Nande (Matio) e San Mamede de Sarces (As Virtudes)	68.418,62	0,00

35.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL”, DO CONCELLO DE MUGARDOS, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 32/2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 19 de decembro de 2014, polo que se aproba, entre outros, o seguinte convenio de colaboración co Concello de Mugardos:

Concello	Nº Convenio	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
Mugardos	32/2015	<i>Acondicionamento da contorna do campo de fútbol municipal</i>	199.900,36 €	0,00 €	199.900,36 €

Logo de aprobar o Concello de Mugardos un proxecto modificado desta obra con incremento do seu orzamento, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de outubro de 2016, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acondicionamento da contorna do campo de fútbol municipal”, do Concello de Mugardos, que representa un incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, que é asumido integramente polo Concello de Mugardos, tal e como se indica no cadro seguinte:

Proxecto Modificado “Acondicionamento da contorna do campo de fútbol municipal” do Concello de Mugardos				
Axentes financeiros	CONTRATA Proxecto Inicial	CONTRATA Proxecto Modificado	DIFERENZA	ADXUDICACIÓN Proxecto modificado
Deputación	199.900,36 €	199.900,36 €	0,00 €	150.801,49 €
Concello	0,00 €	11.764,23 €	11.764,23 €	0,00 €
Total	199.900,36 €	211.664,59 €	11.764,23 €	150.801,49 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/1532/76201 do vixente orzamento provincial

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Mugardos para os efectos oportunos

36.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORAS/ES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2016.

1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedoras/es calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de outubro de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.

37.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 31.10.2106 E PROXECCIÓN A 31.12.2106.

- 1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria no 31 de outubro de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.
- 2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.
- 3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.
- 4.- Informar periodicamente o Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

38.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE EXERCICIO 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

- 1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información dispostas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- 2º. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación Provincial.

39.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS RELATIVA AO REQUIRIMENTO DE REVISIÓN DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DE 2014.

Dar conta da resolución do Ministerio de Facenda e Administracións públicas do 28 de outubro de 2016, na que se estima o requirimento previo a interposición dun recurso contencioso-administrativo pola Deputación Provincial da Coruña en relación a liquidación definitiva da participación da Deputación nos tributos do Estado correspondente ao ano 2014.

40.-APROBAR A MODIFICACIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS “PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PLAN DE PENSIÓNS”.

1.- Aprobar a modificación das especificacións do Plan de pensións “persoal da Deputación Provincial da Coruña, plan de pensións”, quedando o texto definitivo coa seguinte redacción:

“Este Plan de pensións regularase por estas especificacións, polo Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro [BOE nº 13/12/2002], polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións e por cantas disposicións de calquera rango que, actualmente ou no futuro, poidan serlle de aplicación.

ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS

“PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSIÓNS”

CAPÍTULO I DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN

Artigo 1.- Denominación

Estas especificacións do Plan de pensións denominado "PERSOAL DA Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSIÓNS", cuxa promotora é a Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, regulan as relacións entre o mencionado plan, o seu promotor, os seus partícipes e as súas persoas beneficiarias, cuxa condición leva implícita a aceptación de todas as normas nel contidas.

Artigo 2.- Modalidade

Este Plan de pensións configúrase como unha institución de previsión de carácter voluntario e libre que, en razón dos seus suxeitos constituíntes, encádrase na modalidade de SISTEMA EMPREGO e, en razón das obrigacións estipuladas, na modalidade de ACHEGA DEFINIDA xa que contempla achegas definidas para as continxencias de xubilación, dependencia, falecemento e incapacidade.

No presente plan de pensións establécense dous colectivos:

COLECTIVO A no que se integran todos os funcionarios de carreira e persoal laboral fixo de persoal así como funcionarios interinos e contratados laborais temporais cunha antigüidade igual ou superior a dous anos na Deputación. Para efectos do cómputo dos dous anos de antigüidade e con respecto ao persoal interino docente contemplado no artigo 23.3 da Lei de emprego público de Galicia, considerarase que este persoal cumpre os requisitos para integrarse no colectivo A cando acumule nomeamentos sucesivos de dous cursos académicos.

COLECTIVO B no que se integran os funcionarios de emprego (persoal eventual) así como os funcionarios interinos e contratados laborais temporais que non reúnan o requisito de antigüidade necesario para formar parte do colectivo A.

Artigo 3.- Adscrición a un Fondo de Pensións

1. O presente Plan de Pensións integrarase no Fondo de Pensións CAIXA GALICIA VII, FONDO DE PENSIONES, inscrito na Dirección Xeral de Seguros co nº F-1015.

2. As achegas da promotora e no seu caso de cada partícipe integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado Fondo de pensións. As ditas achegas, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posición que o plan manteña no fondo. O pago das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais que se producisen, efectuarase con cargo á devandita conta.

CAPÍTULO II ÁMBITO PERSOAL

Artigo 4.- Suxeitos constituíntes

Son suxeitos constituíntes deste Plan de pensións:

- a) A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, coma promotora do plan.
- b) As persoas participantes, en cuxo interese se crea o plan.

Artigo 5.- Elementos persoais

Son elementos persoais deste Plan de pensións:

- a) Os suxeitos constituíntes.
- b) As persoas beneficiarias.

Artigo 6.- Partícipes

Poderán ser partícipes do Plan de pensións o persoal da promotora pertencente a algún dos colectivos contemplados no artigo 2 destas especificacións que lle manifeste a promotora a súa vontade de integrarse nel, desde o momento da súa constitución, e teñan capacidade de obrigarse nos termos establecidos no Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e disposicións complementarias ou substitutorias, a condición de que acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha as especificacións deste plan e as normas de funcionamento do seu correspondente fondo.

Poderán incorporarse en calquera momento posterior aqueles que reúnan eses mesmos requisitos e lle manifesten á promotora a súa vontade de integrarse no plan.

A incorporación ao plan de pensións producirase mediante a subscripción individual dun boletín de adhesión ao plan, de acordo co modelo acordado para tal fin

pola Comisión de Control do plan de pensións ou mediante escrito dirixido á promotora manifestando a súa vontade de adherirse ao plan

Considéranse empregados da promotora, calquera traballador/a por conta allea ou calquera asalariada/o, en concreto, o persoal vinculado á promotora por relación laboral, incluído o persoal con relación laboral de carácter especial independentemente do réxime da Seguridade Social aplicable, así como, no seu caso, ao persoal das administracións e entes públicos promotores vinculado por relación de servizos dependente regulada en normas estatutarias ou administrativas

Artigo 7.- Partícipes en suspenso

1. Consideraranse partícipes en suspenso aqueles que non efectúen achegas directas nin imputadas ao plan.

2. As situacións que determinarán a suspensión das achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A son as seguintes:

A promotora non realizará achegas a favor de partícipes pertencentes ao Colectivo A que se atopen nas seguintes situacións:

- Extinción da relación de funcionariado ou laboral coa promotora.
- Servizo noutras administracións públicas.
- Excedencia voluntaria por:
 - ☐ Prestación de servizos no sector público.
 - ☐ Interese particular.
 - ☐ Incentivada no marco dun plan de emprego para a redistribución de efectivos.
- Suspensión de funcións, tanto provisional como firme, como consecuencia de condena criminal ou sanción disciplinaria. No caso en que se desestime a suspensión de funcións, a promotora procederá a rehabilitar as achegas da persoa partícipe, con efectos retroactivos ao momento da suspensión.

3. Non se suspenderán as achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A nas seguintes situacións:

- Servizos especiais.
- Servizo activo.
- Expectativa de destino.
- Excedencia forzosa.
- Excedencia por coidado de fillos (incluído por acollemento).

4. Ningún dos supostos de permisos, licenzas nin vacacións suspenderán tampouco as achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A.

5. No caso de que a promotora non realice achegas a favor de calquera partícipe pertencente ao Colectivo A por atoparse nalgunha das situacións recollidas no apartado 2) deste artigo, a devandita persoa partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través de cargo en conta.

Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso.

No caso en que se rehabiliten as achegas obrigatorias da promotora a unha persoa partícipe pertencente ao colectivo A tras a suspensión destas, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que a persoa partícipe establecese no seu día.

No entanto, en caso de extinción da relación laboral coa promotora a persoa partícipe estará obrigada a mobilizar o seu dereito consolidado a outro plan de pensións nun prazo máximo de 3 meses.

6. Os partícipes en suspenso manterán os seus dereitos no plan.

Artigo 8.- Beneficiarios

Serán persoas beneficiarias do plan aquelas persoas físicas que, sendo ou non partícipes deste, teñan dereito á percepción de prestacións.

Artigo 9.- Alta dunha persoa partícipe no plan

1. Quen se ache en condición de acollerse ao plan conforme ao disposto no artigo 6 destas especificacións, poderá exercer o seu dereito de adhesión causando alta no plan desde o momento en que comunique por escrito á promotora que exercita o mencionado dereito.

As adhesións producirán efecto o día en que se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou en que se realice un traspaso de dereitos consolidados desde outro plan de pensións.

2. Os dereitos de cada partícipe no plan considéranse desde a data efectiva da adhesión, é dicir, na data en que, tras comunicar a súa vontade de adhesión ao plan, realícese a primeira achega (directa ou imputada) ou se efectúe un traspaso de dereitos consolidados.

Non obstante o anterior, en relación coas achegas da promotora destinadas a partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que se adheriron ao plan de pensións nun momento posterior á súa constitución, a Deputación provincial non realizará achegas, por eses novos partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á data en que este manifeste o seu desexo de incorporación.

3. A cada partícipe expediráselle certificado acreditativo da súa pertenza e integración ao Plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente a entidade xestora e a entidade depositaria, non será transferible.

Artigo 10.- Baixa dunha persoa partícipe no plan

Os partícipes causarán baixa no plan:

a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no plan.

b) Cando cesa definitivamente a relación de funcionariado e laboral coa promotora e traslada os seus dereitos consolidados. En tanto non se produce o devandito traslado mantense de alta no plan como partícipe en suspenso.

c) Por terminación do plan, debendo procederse a transferir os seus dereitos consolidados a outro Plan de pensións.

d) Cando, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración regulados no Regulamento de plans e fondos de pensións, a totalidade do dereito consolidado faráselle efectivo a cada partícipe.

Artigo 11.- Alta dunha persoa beneficiaria no plan

Adquirirán a condición de persoas beneficiarias:

a) As persoas partícipes que exerzan o dereito a percibir a prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:

- Xubilación.
- Incapacidade: Incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente da Seguridade Social.
- Dependencia severa ou gran dependencia.

b) As persoas físicas que exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas por falecemento dunha persoa partícipe, segundo a última designación de persoas beneficiarias efectuada por este.

A falta de designación expresa por parte da persoa partícipe, serán persoas beneficiarias, por orde preferente e excluínente:

1. O cónxuxe da persoa partícipe, non separado legalmente.
2. Os fillos de cada partícipe por partes iguais.
3. Os pais de cada partícipe por partes iguais.
4. Os irmáns de cada partícipe por partes iguais.
5. Os herdeiros legais.

En defecto dos anteriores, o dereito económico acrecentará a conta de posición do plan

c) As persoas físicas que, por falecemento dunha persoa beneficiaria, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas cando a persoa beneficiaria falecido estivese a cobrar unha modalidade de prestación reversible.

Artigo 12.- Baixa dunha persoa beneficiaria no plan

As persoas beneficiarias que cobren prestacións en forma de renda causarán baixa no plan en caso de falecemento ou cando esta se esgote no caso de rendas temporais ou cobranza en forma de capital.

CAPÍTULO III DEREITOS E OBRIGAS DO PROMOTOR, DOS PARTICÍPES E DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 13.- Dereitos da promotora

Correspóndenlle á promotora do plan os seguintes dereitos:

- a) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos que se dispoñan no capítulo V das presentes especificacións.
- b) Solicitar de cada partícipe os datos persoais e familiares necesarios para determinar as súas achegas ao plan.
- c) Ser informado da evolución financeira e actuarial do Plan de pensións.
- d) Exercitar os restantes dereitos establecidos nas presentes especificacións e na lexislación vixente.

Artigo 14.- Obrigas da promotora

Será obriga da promotora:

- a) Efectuar o desembolso das achegas imputables a cada partícipe, previstas nas presentes especificacións na forma, prazos e contía comprometidas.
- b) Así mesmo, deberá facilitar os datos que, sobre o persoal, lle sexan requiridos co obxecto de realizar as correspondentes valoracións actuariais.
- c) Ademais, deberá detraer nas nóminas as achegas periódicas voluntarias que cada partícipe estableza baixo neste sistema de achegas e transferilas á conta que o fondo manteña na entidade depositaria.
- d) Comunicar as altas e baixas de cada partícipe e as variacións que se produzan e afecten ao funcionamento do Plan de pensións.
- e) Asumir os gastos de funcionamento imputables ao plan mediante o desembolso de achegas extraordinarias nas contías que correspondan.

Articulo 15.- Dereitos das persoas partícipes

Son dereitos de cada partícipe do plan os seguintes:

- a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o Plan de pensións.
- b) Os seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa cota parte do fondo de capitalización que teña o Plan no fondo de pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará formado polas achegas e rendas xeradas polos recursos investidos menos os quebrantos e gastos que se produciron.

Os dereitos consolidados só se farán efectivos nos casos previstos nestas especificacións para a súa integración noutro Plan de pensións, ou nos casos recollidos no apartado h) deste artigo.

- c) Mobilizar a outro Plan de pensións, Plan de previsión social empresarial ou Plan de previsión asegurado os seus dereitos consolidados, minorados, no seu caso,

nos gastos que permita a normativa vixente en cada momento, nas seguintes circunstancias:

- Por cesamento definitivo da súa relación de emprego coa promotora.
- Por terminación do plan.

A solicitude de mobilización deberá ser notificada por escrito á entidade xestora do fondo ou entidade aseguradora no que estea integrado o plan, indicando o novo plan no que se integra e achegando certificación emitida pola entidade xestora do Fondo de pensións ou entidade aseguradora ao que pertenza este novo plan no que conste que se acepta a dita integración. Xunto coa mobilización dos recursos económicos a entidade xestora de orixe deberá trasladar á de destino toda a información relevante da persoa partícipe, debendo comunicarlle a este o contido da devandita información.

A transferencia dos dereitos consolidados de cada partícipe ao novo plan efectuarase nun prazo máximo dun mes ou aquel que determine a normativa vixente en cada momento, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

En caso de cesamento definitivo da relación funcional ou laboral a mobilización será obrigatoria nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo a persoa partícipe non comunicou o plan ao que se quere mobilizar, a entidade xestora, con comunicación e requirimento previos da devandita entidade cunha antelación mínima de 15 días ao prazo mencionado, transvasarao ao plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

d) Participar, a través da Comisión de Control do plan, na supervisión do seu funcionamento e da súa xestión, mediante a elección dos seus membros e, no seu caso, asumindo a condición de presidente, secretario ou vogal da devandita comisión.

e) Designar persoas beneficiarias para o caso de que se produza a continxencia de falecemento. Así mesmo poderá cambiar a dita designación en tanto sexa partícipe do plan.

f) Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que recibirá cada partícipe, de forma gratuíta, será:



Con ocasión da incorporación ao plan de pensións, a persoa partícipe que o solicite deberá recibir un certificado de pertenza emitido pola entidade xestora.



Faráselle entrega, se así o solicita, dun exemplar das presentes especificacións como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigas. Aínda que, estarán á súa disposición, en todo momento, na sede da entidade promotora.



Poñerase ao dispor de cada partícipe un exemplar da declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións no que estea integrado o plan, á que se poderá acceder a través da rede de oficinas da entidade depositaria ou ben na entidade xestora.



Anualmente, remitirase a cada partícipe unha certificación sobre as achegas, directas ou imputadas, realizadas en cada ano natural e o valor dos seus dereitos consolidados o 31 de decembro de cada ano.



Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos consolidados no plan, así como outros aspectos que poidesen afectar, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.



Un caderno individualizado do Plan de pensións ou outro soporte informativo similar.

Así mesmo, poñerase ao dispor de cada partícipe a través da rede de oficinas da entidade depositaria e/ou xestora a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexan imputables ao plan expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

Así mesmo, garantirase o acceso gratuíto á información individualizada correspondente a cada partícipe sobre a evolución, situación e valoración diaria dos seus dereitos consolidados e as súas achegas ao Plan de pensións.

g) Solicitalle ao fondo no que estea integrado o seu Plan de pensións, a través da súa entidade xestora, que se fagan efectivos os seus dereitos consolidados na súa totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración de acordo co establecido na lexislación vixente.

h) Realizar calquera consulta individualizada sobre o Plan e Fondo de pensións.

Artigo 16.- Obrigacións de cada partícipe

Son obrigacións de cada partícipe:

a) Comunicarlle á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para causar alta no Plan e para determinar a cobranza das prestacións. Así mesmo, deberá comunicarlle calquera modificación que se produza nos devanditos datos.

b) Efectuar o desembolso das achegas voluntarias establecidas a través da modalidade de cargo en conta na forma, prazos e contía comprometidas.

c) Permitir, que a promotora detraia da súa nómina as achegas voluntarias ao Plan de pensións correspondentes, no seu caso, a cada partícipe

Artigo 17.- Dereitos das persoas beneficiarias

Correspóndenlles ás persoas beneficiarias do plan os seguintes dereitos:

a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu Plan de pensións.

b) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos previstos nas disposicións legais e o capítulo V das presentes especificacións.

c) Percibir as prestacións que lles correspondan ao producirse as continxencias previstas no plan.

d) Recibir da entidade xestora unha certificación das prestacións cobradas, así como das retencións practicadas a conta.

e) Así mesmo, e con periodicidade anual, remitíraselle unha certificación sobre o valor dos seus dereitos económicos no plan no 31 de decembro

f) Producida e comunicada a continxencia, a persoa beneficiaria do plan de pensións deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversiones, sobre as opcións de cobranza correspondentes, no seu caso, e respecto do grao de garantía ou do risco de conta da persoa beneficiaria. No seu caso, faráselle entrega a persoa beneficiaria do certificado de seguro ou garantía da súa prestación emitido pola entidade correspondente.

g) Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como outros aspectos que puidesen afectar, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

Artigo 18.- Obrigacións das persoas beneficiarias

Son obrigacións das persoas beneficiarias:

a) A persoa beneficiaria do plan de pensións ou o seu representante legal, deberá solicitar a prestación sinalando no seu caso a forma elixida para a súa cobranza e presentar a documentación acreditativa da continxencia.

b) Notificarlle á entidade xestora os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ao longo do tempo.

Artigo 19.- Protección de datos

Para os efectos do disposto na vixente Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que a finalidade da recollida dos datos solicitados no Boletín de Adhesión é a de tramitar a alta no Plan de pensións, tendo que cubri-lo obrigatoriamente para tales efectos, e de que os ditos datos, así como os demais datos de carácter persoal (incluso os de saúde) que se soliciten e/ou xeren con motivo do mantemento, xestión e execución do devandito Plan de pensións, serán incorporados aos Ficheiros da Entidade Xestora do Plan --CXG AVIVA CORPORACIÓN CAIXA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.-- e tratados, de forma automatizada ou non, no ámbito e para os efectos do cumprimento pola entidade xestora das funcións que, respecto do citado Plan de pensións, correspóndenlle conforme o establecido na vixente normativa sobre plans e Fondos de pensións.

Así mesmo, os mencionados datos de carácter persoal serán incorporados aos Ficheiros da Entidade Depositaria do Plan – NCG BANCO, S.A., en diante a entidade depositaria-- e tratados, de forma automatizada ou non, no ámbito e para os efectos

do cumprimento pola entidade depositaria das funcións que, respecto do citado Plan de pensións, correspóndenlle conforme o establecido na vixente normativa sobre Plans e Fondos de pensións, así como, exclusivamente no caso de que a entidade depositaria conte co consentimento para iso do titular dos datos, para os efectos da realización de accións publicitarias, promocionais ou de mercadotecnia relativas aos produtos e servizos que a entidade depositaria ou as empresas do seu grupo económico --cuxas respectivas actividades comprenden as de tipo financeiro, nas súas diversas modalidades, asegurador, inmobiliario, informático, promoción e venda de bens e artigos de consumo, mercadotecnia, axencia de viaxes, lecer e cultura, e servizos de consultaría e asesoramento--, poidan ofrecer e/ou comercializar en cada momento.

Cada partícipe queda informado de que os seus datos poderán ser igualmente cedidos a ficheiros comúns do sector para a elaboración de estudos técnicos, estatístico-actuariais e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais.

O titular dos datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, de conformidade co establecido na lexislación vixente, tanto en relación cos datos de carácter persoal tratados pola entidade xestora --a cuxo efecto poderá dirixir un escrito a CXG AVIVA CORPORACIÓN CAIXA GALICIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., Departamento de Atención ao Cliente, rúa Picavía, nº 8 – 1º, C.P. 15004 A Coruña ou ao enderezo de correo electrónico saccxgaviva@cxgaviva.com--, como en relación cos datos de carácter persoal tratados pola entidade depositaria --para cuxo efecto poderá dirixir un escrito ao seu Servizo de Atención ao Cliente, Rúa Nova, nº 30-32, C.P. 15003 - A Coruña--.

A Comisión de Control do Plan de Pensións citado poderá acceder aos mencionados datos de carácter persoal, para os efectos do cumprimento por aquela das funcións que, respecto do mencionado plan, lle concirnen conforme a vixente normativa sobre Plans e Fondos de Pensións. Os asinantes do boletín de adhesión aceptan e consenten expresa e inequivocamente o réxime do tratamento dos datos de carácter persoal anteriormente descrito.

CAPÍTULO IV RÉXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

Artigo 20.- Sistema de financiamento do plan

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan será a "CAPITALIZACIÓN FINANCEIRA INDIVIDUAL".

2. O valor dos dereitos consolidados de cada partícipe determínase como, a cota parte do Fondo de Capitalización, constituído polas achegas definidas para xubilación, dependencia, falecemento e invalidez, directas e imputadas, das persoas partícipes, e os rendementos netos de gastos que estes xeren. Igual definición se aplicará para os dereitos consolidados de cada partícipe en suspenso.

3. O Plan de pensións non asume a cobertura de ningún risco relacionado coas prestacións previstas, nin tampouco garante un interese mínimo ás persoas partícipes.

Cando se perciban prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco o plan contratará a aseguranza das devanditas prestacións cunha

entidade aseguradora, mediante a correspondente póliza, cuxo tomador será o Plan de pensións representado polo presidente da Comisión de Control.

O valor dos dereitos económicos das persoas beneficiarias que opten pola percepción das súas prestacións en forma de renda asegurada coincidirá co valor de provisiones matemáticas que o asegurador manteña constituídas pola persoa beneficiaria.

Artigo 21.- Achegas ao plan

1. Unicamente poderán realizar achegas ao Plan de pensións:

- cada partícipe.
- a promotora.

Estas achegas terán carácter irrevogable desde o momento do seu pago.

As achegas efectuadas ao plan integraranse necesariamente na conta que o fondo manteña na entidade depositaria á data do seu pago.

2. Achegas das persoas partícipes:

As achegas de cada partícipe terán carácter voluntario e poderán ser:

a) ACHEGA INICIAL VOLUNTARIA. Cada partícipe, xa sexa do colectivo A ou B, fixará, de forma individual, a achega voluntaria inicial que desexe efectuar ao plan de pensións, ingresándoo, neste suposto, na forma que conveñan coa entidade xestora.

O importe desta achega será como mínimo de 60 euros.

